



Asunto: Requirimento xustificación de viabilidade de proposta económica para o contrato de obra "SINALIZACIÓN DAS PARROQUIAS DE TUI E OS SEUS LUGARES."

Tras proceder pola Mesa de Contratación á apertura do **SOBRE Nº 2 "Criterios cuantificables de forma automática"**, e no relativo á **Proposición Económica** presentada para o referido contrato, de conformidade coa cláusula 19.b) do prego de cláusulas administrativas aprobado e en base ao establecido no art. 152.3 do **TRLCSP acórdase**, por unanimidade dos seus membros, e dado que a súa oferta pode ser considerada desproporcional ou anormal, o seguinte:

"Primeiro.- Solicitar ás seguintes empresas:

SEÑALIZACIONES VILLAR, SA	44.268,78.
PASCUAL Y VILLAR, SA	46.144,20.
SEROVIAL, S.L	56.955,00.
LACROIX SEÑALIZACIÓN, SA	58.118,08.

*Ao abeiro do que cita o art. 152.3 do **TRLCSP**, "xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado."*

*Segundo.- Outorgar aos efectos de cumprir o requirimento aos licitadores **un prazo de dous días hábiles**, por tratarse dun procedemento urxente, para presentación de xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello, publicándose o referido requirimento no Perfil do Contratante e Taboleiro de Anuncios do Concello de Tui.*

*Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do **TRLCSP**."*

O que se comunica aos efectos do seu cumprimento no **prazo máximo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte da recepción desta comunicación vía fax ou correo electrónico.**

Tui, 29 de novembro 2017

A Secretaria da mesa:

Asdo.: María Jesús Blanco Martínez.